



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 11 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 30 DE SETEMBRO DE 2021

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Sambade Lloréns (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D^a Caridad González Cerviño (PSOE).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A. PARTE DISPOSITIVA

Antes de iniciar o pleno, a señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, di que lle gustaría amosar a solidariedade e agarimo da corporación e de todo o pobo de Muros coa veciñanza da Palma, que están a sufrir estes devastadores efectos do volcán na súa vida, nos seus bens, etc, despois do que levamos sufrido pola pandemia a súa situación é moi complicada. Di tamén que sabe que hai contas para facer donativos ao Cabildo e recomenda que quen queira facer achegas económicas que se asegure ben que é unha conta oficial.

Primeiro. Toma de posesión de D^a María Sambade Lloréns como nova concelleira da corporación municipal polo partido de Compromiso por Galicia

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, di que para adquirir a plena condición de concelleira, a Sra. Lloréns ten que cumprir os requisitos previos de xurar ou prometer o acatamento á Constitución.

A seguir, por parte de D^a María Sambade Lloréns procédese a prestar promesa do seu cargo, coas seguintes palabras:

“Eu, María Sambade Lloréns prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Muros con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado”.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de concelleira, o Pleno dá posesión do seu cargo a D^a María Sambade Lloréns como nova concelleira da corporación local polo partido Compromiso por Galicia.

Segundo. Aprobación da acta anterior núm. 10 de sesión de pleno ordinario do 29 de xullo de 2021

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 10 de sesión de Pleno ordinario do 29 de xullo de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprrobe, e a Sra. Alfonso Torres indica que hai unha errata na última páxina. E non habendo máis observacións, apróbase a acta núm. 10 de sesión de Pleno ordinario do 29 de xullo de 2021 por unanimidade dos membros presentes e coa abstención do concelleiro D. Ramón Lago Tajés pola súa ausencia e da concelleira D^a María Sambade Lloréns.

Terceiro. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do IES Fontexería

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

“Á vista dos seguintes antecedentes:

Escrito de 11.08.2021 da Vicesecretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, de solicitude de licenza de obras para a rehabilitación integral do do IES Plurilingüe Fontexería e bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do concello.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Providencia da Alcaldía do 19.08.2021.

Informe conxunto de Secretaría e Tesourería do 25.08.2021.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do IES Plurilingüe Fontexería, solicitadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia con rexistro de entrada do 11.08.2021, por tratarse de obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario.”

Intervén a Sra. Maneiro para dicir que están de acordo coa proposta pois cren que é unha obra necesaria.

Intervén a Sra. Alfonso que di que lles parece unha obra de especial necesidade e di se é para perdoarlle á Consellería de Educación eses dezaoto mil algo de euros e pregunta se non se lle perdoara ese diñeiro a Consellería faría a obra.

A Sra. alcaldesa di que non o sabe xa que ela pola Consellería non pode contestar.

Intervén a Sra. Lago para dicir que entenden que todos os centros de ensino municipais deben ser declarados de especial interese e como xa manifestaron na comisión informativa van apoiar que así se declare.

A Sra. alcaldesa que sinala que cren que é unha obra necesaria e que pelexaron moito por ela, e que así poidan ter no concello unhas instalacións educativas renovadas e acordos cos tempos nos que vivimos.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (3), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Á vista dos seguintes antecedentes:

Escrito de 11.08.2021 da Vicesecretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, de solicitude de licenza de obras para a rehabilitación integral do do IES Plurilingüe Fontexería e bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do concello.

Providencia da Alcaldía do 19.08.2021.

Informe conxunto de Secretaría e Tesourería do 25.08.2021.

Visto o ditame da comisión informativa que consta no expediente, o Pleno da corporación adopta o seguinte

ACORDO:

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do IES Plurilingüe Fontexería, solicitadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia con rexistro de entrada do 11.08.2021, por tratarse de obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario.

B. Mocións de urxencia

Non se presentan.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Cuarto. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 836/2021 do 23 de xullo de 2021 ata o núm. 944/2021 do 31 de agosto de 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 20 do 23 de xullo de 2021, núm. 21 do 13 de agosto de 202, núm. 22 do 2 de setembro de 2021 e núm. 23 do 10 agosto de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Quinto. Rogos e preguntas

A Sra. alcaldesa di que na sesión anterior só houbo rogos e non preguntas, e dá paso aos rogos e preguntas para este pleno:

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. Maneiro roga que se volva mirar a zona de San Francisco porque diante da Parrillada Antonio cada vez que chove un pouco forte, inúndase, e di que pensa que alguén ten conectado nos pluvais os fecais.

A Sra. alcaldesa contesta que pode ser porque un pouco máis abaixo encontraron conexións dese tipo, e dá paso á intervención da Sra. Alfonso.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal CXG:

A Sra. Alfonso di que no Decreto 839/2020 está formado por dúas páxinas que non se corresponde e que non ten maior importancia pero que deberían corrixirse.

Di que lle comentou unha muller de Esteiro que solicitou o arranxo das beirrúas da estrada que pasa por diante da igrexa e que tamén solicitou que se podaran as árbores que están na estrada que baixa ao porto de Esteiro, e o rogo é que se atenda esta petición.

Outro rogo é que en xaneiro se entregou solicitude da instalación dun negocio de talasoterapia e que non recibiron contestación do Concello, polo que roga que se lle consteste o antes posible.

Continúa dicindo que o 20/09/2021 as persoas usuarias de Valadares foron transportadas nun coche da brigada de Obras, e indica que ela preguntou varias veces pola furgoneta do transporte adaptado que tiña problemas e a Sra. alcaldesa díxolle que non tiña constancia e a última vez díxolle que estaban estudando a posibilidade de conseguir unha, pero que non tiñan moi claras as competencias, e rógalle que traballe na adquisición dunha furgoneta para manter o transporte adaptado que tan necesario é neste concello e que tan bo servizo dá.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Di que a praza do Cristo de Tal está cheo de herbas e roga que se limpe.

Sinala que a Sra. alcaldesa dixo que en setembro se ían retomar os traballos da RPT, e pregunta se houbo algunha reunión de traballo máis sobre a súa elaboración, e tamén lle quere preguntar, se tivo algunha novidade do Arcebispado sobre o terreo ao lado da escola unitaria de Tal.

Remata dicindo que na Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2021 acordan rescindir os contratos dos vestiarios do campo de fútbol Eleuterio Balayo, e na Xunta de Goberno Local do 2 de setembro de 2021 adxudican a renovación do cespede do Eleuterio Balayo, polo que pregunta que van facer con este asunto, que vai ser primeiro, o cespede ou os vestiarios.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que no último pleno a razón dunha pregunta dun verquido de restos da limpeza das praias na zona do monte de Serres informóusenlles que SEPRONA abriu un expediente, polo que pregunta que actuacións mandou levar a cabo e se está concluído este expediente, e de ser así, que conclusións se expoñen nel, polo que piden que se lle envíe por escrito esta información.

Pregunta que entidade pintou os sinais do Camiño Ría Muros – Noia, porque pintaron en zonas privadas sen permiso dos/as propietarios/as.

Pregunta por que se retiraron os contedores do lixo de varios puntos do concello, e se lles vai dicir que isto é debido a que o camiión pequeno está estropeado, cren que hai solucións mellores que facer camiñar a veciñanza máis de medio quilómetro coa bolsa do lixo ou é para que a xente non proteste porque os contedores rebosan.

Preguntan se ten pensado arranxar o camiño de San Xián e o da Insuela, e di que houbo problemas cos baches.

Sinala que non sabe como lle caen as cores cando a veciñanza de Agra de Serres di que verten os sumidoiros directamente ao río, polo que rogan que se lle busquen axiña unha solución a este problema.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e corenta e cinco minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257